


ESCOLMA  
POÉTICA DO  
AUTOR RICARDO  
CARVALHO  
CALERO



## Notas iniciais

Desde o punto de vista gráfico respectamos as escollas na escrita de Carvalho Calero na medida en que nos foi posible, pois os textos foron tirados de diversas fontes principalmente online e debido á situación actual na que vivimos non puidemos cotexalos cos orixinais.

Tamén a persoa lectora poderá contrastar que o autor ferrolán presenta diverxencias gráficas entre os textos, feito que responde case por enteiro á propia evolución ideolóxica de Carvalho con respecto á escrita da lingua galega. As breves aclaracións a rodapé, concentrados nas primeiras páxinas, son da nosa propia man e tentan resolver posibles dúbidas principalmente de lectura.

En relación cos textos aquí recolleitos, estes preséntanse aglutinados por obra e na seguinte orde: *Pretérito imperfecto*, *Futuro condicional*, *Cantigas de amigo e outros poemas* e *Reticências*...

*Maria Silêncio*

Cabeleira de chuvia, ollos de néboa.  
Maria Silêncio, esfarrapada, à espreita.  
Sempre agardando, pola noite, as barcas.  
A tua angúria fala con olladas.  
Maria Nocturna: no peirán<sup>1</sup> ¿qué esperas?  
¿Polo día non vives?  
¿Naces cada solpor? ¿Cais de primeira estrela?  
Maria Silêncio, sempre dura e muda...  
¿Cál é a barca que agardas?  
Das fontes dos teus ollos  
fluen rios de sono.  
Pero ti sempre dura e desvelada,  
batida polo vento, no peirán...  
Maria Silêncio, eu roubaria  
no ceu  
a estrela de mel,  
na água  
a estrela de prata,  
pra che mercar a fala.  
Se queres ulir flores,  
darei-che a flor da lua.  
Maria do Mar, ¿qué barca agardas?  
O sol é un porco-espiño disfarzado.  
No mar agora, ourizo de mar, dorme.

**Do libro *O silencio axionllado* (1934), recollido na colectánea  
*Pretérito imperfecto* (1980)**

---

<sup>1</sup> Peirao

¿En qué recanto do tempo  
está soterrado o cadáver da miña infancia?  
Da choiva rexurdideira da lembranza  
defende-o un teito de teas de araña:  
a tea de araña do esquecemento,  
a tea de araña da lonjania<sup>2</sup>,  
a tea de araña do sofrimento:  
triple teito impermeábel e rejo.  
Eu, neno, matei a miña infancia  
co coitelo da miña gravidade.  
No relógio adiantado da miña vida,  
a agulla da miña vontade  
asinalaba a hora da colleita  
cando aínda non era  
a hora da sementeira;  
asinalaba a hora do roibo amor  
cando era a hora do branco jogar;  
e ateigado cedo da ciencia da dor,  
o meu rouxinol<sup>3</sup>  
puxo-se a cantar  
aínda antes de aprender a voar.  
Cando era a hora do viver<sup>4</sup>,  
foi para min a hora do coidar.  
¿Cómo tornar as agullas do tempo  
a marcar no relógio da miña vida  
a hora da alba?  
¿Cómo tornar a corrente do río  
polo quenlle enriba?  
¿Cómo torná-la?  
Eu atingin uns ollos ingénuos  
e un corazón enxebre de treboadas.

---

<sup>2</sup> Cando na norma actual en galego ten de aparecer X, Calero opta por manter o criterio etimolóxico e escribir con G ou J. Con todo, a pronuncia é como no galego actual, por exemplo, “xamón”.

<sup>3</sup> Paxaro coñecido polo seu belo canto.

<sup>4</sup> Hai algún verbo que Carvalho conxuga na segunda conxugación no canto da terceira como o fai o galego actual. Pola contra, el segue a tradición do romance galego-portugués. Por exemplo: Viver> vivir; dicir> dicer.

Enche-o a esperanza  
como unha água clara.  
Un corazón naipelo, de cristal e de prata.  
Uns ollos rebuldeiros  
que aínda non cobellaron nengunha image ma<sup>5</sup>.  
¿En qué currunchos do tempo  
está soterrado o cadáver da miña infancia?  
¿No cabo de qué camiño cego?  
(Ollos e corazón ao jeito dela:  
por-llos quero a esa morta, e que resuste.)  
A ese recanto do tempo  
vai-se por un escuro túnel  
que percorre a lembranza como un vento.  
Mais a entrada desa via está fechada,  
fechada por un valo de teas de araña:  
a tea de araña do esquecemento,  
a tea de araña da lonxanía,  
a tea de araña do sufrimento:  
triple valo inexorábel e rejo.

**Do poemario *Vieiros* (1931), contido na colectánea *Pretérito Imperfeito* (1980)**

---

<sup>5</sup> Mala

É na palma da vida  
unha moeda gastada.  
Ao seu carón ela está, tola,  
dicendo: ¡Bebe-me as meixelas!  
Mais el cala.

É na palma da vida  
unha moeda gastada.  
Ela está, tola, ao seu carón.  
¡Alumia-te coa miña cabeleira!  
¡Morde o pan do meu corpo se tes fame!  
¡Se tes sede, sorbe a miña voz clara!  
Mais el non quer sol,  
nen pan,  
nen água.

¿Qué queres, di?, ela di.  
Mais el non quer nada.  
Dos ollos saen-lle ortigas de faterna.  
Abrolla-lle no peito unha edra mala.  
El labra o seu sartego de silencio  
mentres, ao seu carón, a vida  
oferece-lle, nua, a sua mazá.

**Do libro *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), recollido en  
*Pretérito Imperfeito* (1980)**

Marinh<sup>6</sup>eiro que tes a flor da água nos olhos,  
quando morras irás ao céu dos peixeiros.  
Ali muge as suas barbas azuis o Rei do Mar,  
ácio de xebras, mexilhons e berberechos.  
Espida divindade de olímpica velhice,  
na sua grande cadeira de cristal.  
Ali os anjos em troques de asas colas de peixe  
olhos beligerantes na amêndoa da faciana.  
Mudos limons endoçam-lhes os peitos.  
Marinheiro que tes a mar nos olhos,  
e, ao cortar a tua quilha a linha equatorial,  
te bautizou Neptuno;  
de quem a alma esvarou, no trinéu dumha olhada  
polos geos polares, catando a flor do frio;  
que esborralhaches trombas  
com cruces salomónicas  
e soubeches do amor das filhas dos viquingos...  
Um dia hás ver xurdir na fauce do horizonte  
o buque fantasma do holandês maldito,  
como nos velhos contos que aprendera Salgari.  
Coroado por um coro de albatros,  
cantará o mar o teu funeral do profundo.  
Irás, morto, à deriva,  
aspergido de lua,  
e as sereias ham recolher a tua alma  
que pairará no verde dos céus submarinos.

**Contido en *Pretérito imperfecto* (1980)**

---

<sup>6</sup> Para o Ñ e o LL, ás veces empréganse as grafías portuguesas NH e LH, respectivamente.

O teu retrato ante min,  
por um cristal protegido,  
é um espelho duvidoso.  
A olhá-lo, o meu rosto vejo  
co teu rosto misturado.  
Aquela boca é a tua  
ou a minha? Aqueles olhos  
som os teus olhos, os meus?  
Assi, vejo diante mim  
um rosto que nom é o teu,  
um rosto que nom é o meu  
e que aos dous se nos parece.  
Duvidoso espelho, antecipa-me paternidades.  
Pois no fundo do cristal,  
milagre, se me revela  
a faciana que terá  
o filho nosso que dorme  
lá, no berce do vindeiro.

**Contido en *Pretérito Imperfeito* (1980)**

Sentados no peirán, abalando  
os pes sobre o valeiro, sobre o mar  
onde aboian cabezas de peixe coroadas  
de chios de gueivotas,  
ti e máis eu, silandeiros,  
a fumar os vapores do solpor,  
éramos duas setas  
de trajectórias paralelas  
que, imóveis, no infinito das brasas do poente  
nos uníamos.

Os teus ollos de azul  
celeste a azul marino cambiaban,  
segundo  
a tardiña avantaba.  
E a mola en espiral da miña pipa  
lanzaba a miña arela, tan redonda,  
cada vez con máis calma cara o alén.

Como se nos velásemos,  
noivos, baixo a alta cúpula,  
da catedral do mundo,  
juntos ia embullando-nos  
a noite, que nacia, no seu veu.  
E o soño que, como unha avelaiña,  
andara ao redor dos nosos ollos  
toda a tarde,  
pechaba-nos as pálpebras,  
e soñábamos con nós mesmos,  
soñábamos que estábamos  
sentados nun peirán, abalando  
os pes sobre o valeiro, sobre o mar,  
onde aboiaban  
cabezas de peixes coroadas  
de chios de gueivotas,  
e ti e máis eu, fumando, silandeiros,  
os vapores vermellos do solpor,  
éramos duas setas  
de trajectórias paralelas,  
que, imóveis, nos uníamos

no infinito de brasas do poente.  
Soñábamos que éramos  
o que éramos, e que estábamos  
como estábamos,  
sentados no solpor, abalando  
os pes sobre o valeiro, ti e máis eu.

***Venusberg*, na colectánea *Futuro condicional* (1982)**

Seria tam doce, eternizar  
este longo serám de inverno.  
O velho, a fumar a sua pipa.  
A velha, a coser a sua roupa.  
Afora, o vento, a choiva, o tempo.  
Dentro, o silêncio e a quietude.  
A vida xorda, a vida imóvel.  
A morte só dá vida à vida.  
A felicidade cravada  
no muro, como umha bolboreta.  
O minuto multiplicado,  
igual a si mesmo, imortal.  
Cria o pensamento o seu céu  
eternizando o instantâneo.  
Do lôstrego fai o sol perene.  
Da efémera flor, um paraíso.  
A velha cose horas e dias;  
com retrincos de tempo fai o sudário do infinito.  
O velho fuma intres de lembranças;  
com anéis de sono forma esteios da eternidade.

**Contido en *Futuro condicional* (1982)**

O peso da soledade  
nom é para todas as costas.  
Baixo umha luz zenital,  
o home é um fito senlheiro,  
um que se nom projecta,  
atlas que o céu sustém.  
Deixa, pois, aos que a ham mester,  
essa droga vitamínica,  
o amor, a ilusom, a esperança,  
ainda que seja umha sombra.  
Umha sombra é algo.  
Umha sombra acompanha.  
Só os mortos nom tenhem sombra.  
Porque já nom lhes dá o sol,  
ou porque estão no seu centro.

**Contido en *Futuro condicional* (1982)**

Quando te vaias,  
ninguém reparará na tua falta.  
Nom tomaste passagem<sup>7</sup> em nengum transatlântico.  
Fostes um navegante solitário.  
Nengumha turista te lembrará.  
Nom saístes à rua quando a gaita soava.  
Ficastes, a cuidar, na casa.  
Nengumha lápida te louvará.  
Nom fechastes a voz no círculo dum coro.  
Para falares contigo, foi o teu canto afónico.  
Nengum hino te glorificará.  
Nom firmastes nengum manifesto.  
A tua caligrafia era puro arabesco.  
Nengumha página te embalsamará.  
Nom quigestes ao peito levar umha medalha.  
Fostes besta selvagem, sem chocalho nem cádiga.  
Nengum alpendre te agarimará.  
Se, longe,  
um Caim che dá morte,  
nengumha Antígona te soterrará.

**Contido en *Futuro condicional* (1982)**

---

<sup>7</sup> Ter ticket

## *Cidades*

Na miña terra aínda as vacas morden  
o verde cinturón das cidades;  
e estombállanse baixo un carballo folloso,  
para modular doces sons con silvestre aveá,  
non é difícil para nengun vilego.  
Pois as xirifeiras cidades do meu país  
teñen aínda, como rapazas novas,  
estreitos cadrís e estreito van.  
Mais non che nego,  
beleza esbardallante, abrouxante, abourante  
das cidades maduras,  
irónicas e cínicas fêmeas cujos peitos  
atingiron a majestosa plenitude  
dunha fecunda maternidade.  
Elas non son mociñas.  
Os seus ollos escuros e embazados  
non son da cor do ceu virginal.  
Os seus beizos son acedos, como a oliva  
ou a cerveja.  
Os seus beizos de uisque,  
que às veces os amantes ensangrentan  
cos seus bicos crueis.  
Loiras de cabeleiras orgullosas  
morenas de secretos enlevos,  
negras de giados dentes e mavioso abalar.  
Non nego a súa beleza sofisticada, composta,  
enfeitada, raíolante e efémera.  
  
Todos os días trocan  
a cor da cabeleira.  
Por cobiza ou capricho  
deixan-se conquistar.  
Non coñecen a longa fidelidade,  
a constancia dos calados hortos conventuais,  
a inmovilidade dos antigos jardins,

a piedade dos sinos e a calma dos mendigos.  
Nen noiva sen mágoa nen ama de casa.  
Emporiso, bailadora de rumba,  
de twist, despida, disfarzada, chea de enfeites  
baixo os arcos voltaicos ou à luz dos salóns,  
ou pálida no leito à alba, como unha raiña cansa  
ou unha serva asoballada que despertan soias,  
non negarei o engado dos teus beijos rápidos,  
que ao pastor de ollos castos fixeron esquecer  
as suas uces brañegas e as suas abrulas bravas.  
Cortesá orgullosa, embrullada nas peles máis fonges  
e esterrecida de friage baixo os lenzois rachados.  
Non negarei o teu engado. A muitos boa para viver.  
Para morrer, emporiso,  
mellor é a pequena fidalga provinciana,  
dabondo campesina,  
que longos anos será a nosa viúva,  
e levará o noso nome  
un tempo, o que a humana memoria das cidades  
permite aguardar.

**Avalon, na colectánea *Futuro condicional* (1982)**

Se Avalon é a Ilha das Maças,  
eu quero ir a Avalon, e dormir esperando-te  
todo o tempo preciso, para que me ofereças  
alguma noite o fruto que me negas agora.  
Recuperada a tua alma de fada,  
hás-me tratar com magnanimidade,  
e dormirás comigo sob a maceira  
paradisíaca, sem medo à repressom  
de invejosas potências ou ciumentos poderes.  
Será um sonho gentil, sem mágoa, sem remorsos.  
Um sonho como a vida, como a morte.  
Por isso eu quero ir a Avalon, a Ilha  
das Fadas e as Maças.

***Cantigas de amigo e outros poemas (1986)***

É tarde para todo.  
Para possuir, para amar.  
Para vencer, para lutar.  
Mesmo para perder, mesmo para ciar.  
É tarde para ser.  
Embrulha-te em silêncio, em noite.  
Que nom te ouçam, nem te vejam.  
Sem voz, sem forma.  
Nom hai tímpano que queiras ferir.  
Nom hai meninha que queiras encandear.  
Arreconchega-te no teu canto.  
Antes de novo século, ali te toparám.  
Mas nom temas.  
Como serás umha presa de cinza,  
nom te reconhecerám.  
Espilido pola vassoira do esquecimento,  
no ar te desvanecerás.  
Cando o comprendas, és maior de idade.  
Entrementres, só germe na matriz.  
Tés que afazer-te à infelicidade.  
Outro jeito nom hai de ser feliz.

**En *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986)**

*München-Madrid*

Antes de sobrevoarmos os Alpes nevados,  
estoutros de cúmulos recebem-nos e anunciam-nos.  
A esteira paralela de um congénere  
telegrafia-nos mensagens de solidariedade  
na soledade do abismo comun.  
Bebamos uns grolos de cerveja *spezialabfüllung*,  
engarrafada para Lufthansa,  
enquanto nom nos servem o almoço.  
Logo entregaremo-nos ao sono ou ao sonho,  
segundo o nosso gosto ou o nosso dever.  
E cando acordemos,  
estaremos a ponto de tomar terra,  
e, imperfeitos paxaros um intre fugidio,  
retornar à nossa natureza normal  
de répteis imperfeitos.

Poema contido em *Reticências...* (1990)

Somos os pacifistas,  
que andamos dando guerra.  
Somos as feministas,  
que vestimos de home.  
Somos os poetas eróticos,  
impotentes no tálamo nupcial.  
Somos os sacerdotes,  
que nom cremos em Deus.  
Somos os comunistas,  
mui zelosos da nossa propriedade privada.  
Somos os homes —e as mulheres—. Inumanos,  
como cumpre à nossa humana condiçom.  
Se os nossos nomes e as nossas condutas  
nom foram como som contradiçom,  
só seríamos sombras.  
Mas somos realidades, e por isso  
somos assi, contrários do que somos.

**En *Reticências...* (1990)**

Douscentos mil quilómetros  
afastam-te de Vénus.  
Nom estranhes que o amor  
nom te seja propício.  
Desde a terra em que vives  
até ao terceiro céu,  
hai  
demasiada distância.  
De planeta a planeta  
nom poderás voar  
sem as asas de Eros  
inseridas em Ares.  
Vénus quando quer baixa  
ao leito de um mortal:  
diga-o Aeneas Pius.  
A iniciativa sempre,  
na conjunção do amor,  
é labor feminino.  
Élitros de volalha  
em ombros de almarfi,  
avondam para a deusa.  
Tal como em para-quedas,  
desce até aos teus joelhos,  
rindo de anos de luz,  
se for a sua vontade.  
Mas se és tu que a procuras,  
foguetes potentíssimo  
impelir-te só pode.  
Se nom és astronauta,  
melhor é que te deites  
a esperar  
aquela que talvez  
nom téas de abraçar nunca.

***Reticências... (1990)***

Um bom dia a velhice  
entrou na minha casa.  
Nom sei se foi domingo ou sexta-feira.  
Agora está sentada à minha porta.  
Acompanhar-me quer se saio à rua.  
Umha mulher que galanteio vive  
cem metros mais alá.  
Mas já nom podo só chegar a ela.  
A minha nova companheira, sombra,  
ergue-se no sarego, e sai comigo  
e assombra-me, e assombra quem a vê.  
Dá-me vergonha que a mulher me veja  
em tal companha, que talvez me di  
que tivem nos meus braços  
ou passeei a rua  
à mai, ou quiçá à avó da que me enleva.  
Talvez é a minha filha,  
ela, talvez a minha neta é.  
Ficarei no meu tobo,  
protegido e guardado  
polo meu cam, polo meu carcereiro,  
polo meu duplo, polo  
meu espelho. Um bom dia  
entrou na minha casa, e desde aquela,  
essa é a minha companha, e outra nom.

**Poema contido en *Reticências...* (1990)**

Vinham aqui para os visitar,  
e nom os achei.  
Foram-se.  
Caminho errante e só polas ruas  
onde pensava abraçá-los.  
Eles já nom estão aqui.  
Estão juntos noutro lugar.  
Eu estou só neste lugar.  
Na cidade onde todos nacêmos.  
Todos estão deitados e dormem.  
Menos eu,  
que estou de pé e desperto.  
Estou canso de os buscar.  
Eles esperam sossegados por mim.  
A chave que abre a grade que de mim os afasta,  
pode cair-me nas mãos  
onde quer que eu esteja.  
Regressarei à cidade em que vivo,  
e esperarei ali.  
Onde quer que eu esteja, saberão  
o meu endereço, e enviar-me-ão  
a chave que abre a grade que os afasta de mim,  
e o carro para deslocar-me ali.

***Reticências... (1990)***